

PUBLIC. 305

O GAITEIRO DE LUGO

Calendario Gallego

Pro Ano Bisesto de 1952

Relixioso, profético, astronómico, recreativo,
patriótico, popular e barato

Ano 95 da fundación

Propiedad rexistrada

Propietario: XERARDO CASTRO

VÉNDESE A 1'50 PTAS.

Ano de cincuenta e dous
que tanto das que falar,
por un día mais que trouxeche
¡cantos nos queres levar!



Pasa dos noventa e cinco
o «Gaitelriño» de Lugo,
mirádevos n' él, rapaces,
que é mais rexo que un telxugo.

VENTA DISTE CALENDARIO:

En Santiago, Vda. de M. Neira Torrado, Casas Reales, 26
Na Cruña, Vda. de Gervasio Varela, Librería - Carballo
En Vigo, Mariano García, Calle García Barbón, 17
En Ourense, Manuel García e Fillos, Lamas Carvajal, 7

Pedidos a a Editor: XERARDO CASTRO, San Pedro, 29.-LUGO

Feiras e mercados da provincia de Lugo

Concello de Abadin.- Primeiro e terceiro sábado Gontán.

Alfoz.-13 Carballido; 25 de Abril e 25 de Xullo Lagoa; o primeiro miércoles Mor.

Antas de Ulla.-O 10, e mercado todos os lunes.

Baleira.-Quincenalmente alternando ca de Castroverde.

Barreiros.-Primeiro domingo e 1.º de Marzo, e mercado os viernes en Souto; terceiro domingo San Xulián.

Becerreá.-O 3, 12 e 19; 12 de novembro (anual).

Begonte.-1.º e 15 Pacio e si o 15 e domingo o 14.

Carballedo.- 17 e 29 Castro; 4 Buciños.

Castro de Rey.-Cada quince días en domingo aterna ca de Meira; 8 e último sábado Riberas de Lea.

Caurel.-O segundo e coarto domingo Seoane; 1.º e 19 Folgoso; primeiro domingo Ferramulín.

Cervantes. Coarto domingo Donís; 28 Quindós; 17 San Martiño da Riveira; 18 San Pedro; primeiro domingo Seixas.

Cervo.-O primeiro domingo e o 16.

Corgo. 13 Aday; 23 Gomeán.

Cospeito.-Terceiro domingo, chamada a do Monte e o primeiro miércoles de cada mes con mercado os miércoles; primeiro xoves Muimenta.

Chantada.-O 5 e 21 e mercados os martes, xoves e domingos; 2 Laxe.

Castroverde.-Cada quince días; 12 Miranda.

Fonsagrada.-20 de Xaneiro; 25 de Marzo; 25 de Abril; Ascensión; Corpus; 24 de Xunlo; 2 de Xullo; 15 de Agosto; 8, 9, 10 e 11 de Setembro e 8 de Novembro e mercados os sábados.

Foz.-Mercado os martes; 10 e 24 Espiñeira.

Friol.-O 14 e 21; 6 e 16 Roimil; 18 Cotá; 26 Guimarey.

Germade.-4 e 19 Momán; 13 Roupar.

Guntín.- 5 Lousada; 11 Lousadela; 23 Grolos; 15 San Román.

O GAITEIRO DE LUGO

Calendario Gallego

Pro Ano Bisesto de 1952

según as ouservaciós feitas no Ouservatorio
da cidadá de San Froilán

Unico que se pubrica en Galicia

Cómputo eclesiástico.—Aureo número 15.—Indición román, 5.—Epacta, III.—Letra dominical, F. E.—Letra do martiroloxio, C.—Ciclo solar, 1.

Velacións.—Péchanse o 27 de febreiro; ábrense o 13 de abril. Péchanse o 30 de Santos; ábrense o 26 de Nadal.

Ecrises.—*De Sol*: Total o 25 de febreiro. Visibre na África Española; en Galicia como parcial. En Lugo; escomenzo as 8 horas, 16 minutos e 11 segundos; medio, 8 horas, 50 minutos, 37 segundos; remate, 9 horas, 26 minutos, 25 segundos (hora de Greenwich; engadir unha mais pol-a oficial). Outro, anular, o 20 de agosto (15 horas, 48 m. o medio) non se verá en España.

De Lúa: Parcial, 11 de febreiro. Veráse en Galicia. Escomenzo da sombra as 0 horas 3 minutos; media, as 0 horas 39 minutos; remate, a 1 hora 15 minutos. Parcial, o 5 de agosto. Visibre en Galicia. Escomenzo da sombra as 18 horas 33 minutos; media, as 19 horas 4 minutos; remate, as 21 horas 1 minuto (hora Greenwich).

Festas.—Circuncisión, 1 de xaneiro.—Reises, o 6.—Setuaxésima, 10 de febreiro.—Domingo de Antroldo, 24 de febreiro.—Miércoles de Cinza, o 27.—Primeiro domingo de Coresma, 2 de marzal.—Domingo de Pasión, 30 de marzal.—Domingo de Ramos, 6 de abril.—Pascua de Resurrección, 13 de abril.—As

Use polvos «Pinós» pros bacoriños 1

Pascuillas, o 21. — Ascensión do Señor, 22 de mayo.
— Pentecostés, 1 de San Xohán. — Trindade, o 8. —
Corpus, o 12. — Ofrenda do Reino de Galicia, Domíngo
Infraoctava, o 15. — Sagrado Corazón, o 20. — Fes-
ta de Cristo Rey, 26 de outono — Primeiro Domingo
de Advento, 30 de Santos.

Témporas. — Marzal, 5, 7, 8; San Xohán, 4, 6, 7;
Setembro, 17, 19, 20; Nadal, 17, 19, 20.

Rogacións. — Maiores, 25 de abril; menores, 19, 20,
21 de mayo.

PRONOSTICOS CERTOS DO ANO 1952

*Pasa dos noventa e cinco
o «Gaiteriño» de Lugo,
mirádevos n' él, rapaces,
que é mais rexo que un teixugo.*

Escoltade ben asentes
os pronósticos do ano,
feltos por un libro vello,
sin falsía nin engano.

Un a un, todos son certos;
xuntos, pódense xurar;
quen teña o fol de negalos,
él é tolo ou anda mal.

O primeiro de xaneiro
será o primeiro do ano;
por moíta forza que faga
ninguén poderá trocélo.

Comenzará a amañecida
e rematará de noite;
será un día como os mais,
coma o de onte e coma hoxe.

Cantará o galo as escuras,
y-o melro ca lus do día;
está xordo o que n' escoíta,
está cego o que non mira.

2 Merque Polvos «Pinós» pras vacas

Virá un vento tan venteiro
que erguerá as pallas do chan;
choverá chuvía tan forte
que, onde caya, mollará.

Con tanto vento e tal chuvía
es que durman, por seu ben,
terán os ollos pechados,
y-abriránnos pra se erguer.

¡Cousas tales que veremos,
cousas que non se verán,
cousas que van e que veñen,
cousas que quedas están!

Ningún home non nacido
ha de quedar por nacer;
os mortos, mortos de medo
non por eso han de volver.

As mulleres serán femías,
os homes serán varóns;
¡coitados dos que trabuquen
as gallñas y-os capóns!

¡Pedras duras como croyos;
neve branda coma lan;
a mar, toda feita de auga;
os camiños... pol-o chan!

O sol andará no cec,
e nos por sobre da terra;
o val estará deitado,
enriba do val, a serra.

Os que manden, por enriba;
os que sirvan por embaixo;
como o chapeu sobre a testa,
y-a saya sobre o refaixo.

Hanse queixar uns dos outros,
armarán guerras e preitos,
faránse pautos e paces.
habirá ditos e... feitos.

Merque Polvos «Pinós» pros porcos 3

Traballará o labrador,
si non é dos nugalláns;
abrirá tarde a oficina
quen non queira madruzar.

Non faltará xente honrada,
nin deixará de nacer
algún peixe dos cativos
que soio fan desfacer.

Os probes pasarán fame,
alguén comerá por mais,
algús gastarán do seu,
outros... do que é dos demais.

Pasados todos seus días
o ano rematará;
serán as doce da noite,
nin hora menos nin mais.

Así acaba a profecía;
non diréis logo que errou,
nunca monición mais certa,
se dixo nin se escoitou.

*Ano de cincoenta e dous,
que tanto das que falar;
por un día mais que trouxeche
¡cántos nos queres levar!*

NOTAS VELLAS

Na Lanzada, perto de Pontevedra, atopáronse este ano sepulturas muy antigas. Eran homes outos, algún de dos metros de altor. Enterrábanos cus púcaros e ollñas a veira, e con comida, pois quedan cunchas de mariscos a rente dos cacharros. Tamén quedan os cravos do calzado ferrado que levaban.

No 1541 Galicia tiña xa mais de medio millón de almas. Deles o dous por cen serían eclesiásticos, un quince por cen fidalgos. A cidá de Lugo tiña

4 Merque Polvos «Pinós» pros cabalos

unhas dez mil almas en 1517-23, cando se fixo o relato de D. Fernando de Colón; baixaron a mil quinientas en 1530 (de dez partes quedáballe menos de unha, según o Licdo. Molina). De ahí tornaron a medrar deica 5.000 a comezos do XVII, Hoxe ténon mesmo... multiplicado por dez, pois pasa das cincuenta mil.

O FORTUNATOS NIMIUM...!

Ben ditoso é o labrego que se poda valer en sí, sin traballar no alleo;
que ténp pra dar ós fillos unha coda;
un peso pra gastar; gado de seu.

Terras onde coller, si axuda a sorte,
o mainzo a fartar, trigo e patacas;
e bos estrumes pra meter na corte,
e bos regados pra mantel-as vacas.

E unha casaña, en pedra pedrexada;
grande a lareira, para que a rolada
de nenos queipa ó rente do remol.

Con seu hórreo na aira, e seu alboio.
Ancho o curral. Ventás de cara ó sol...
Quen esto ténp ¿para qué quer mais choio?

JOSE CRECENTE VEGA

OUBEA O LOBO...

Oubea o lobo xunt' a cruz de pedra,
¡y-o Cristo non se arredra!
que, xa o sol posto, non está solño:
d' unha luz, luz de verme, s' acompaña,
porqu' ind' hay na montaña
quen lle colma de aceite o faroliño...


ANTONIO NORIEGA VARELA

Merque Polvos «Pinós» pras aves 5


XANEIRO 31 DIAS

ADICADO AO NENO XESUS


- 1 Mar. † *A Circuncisión do Señor.*- ss. Fulxencio, Xustina, Martiña, I Eufrosia.-I. P.
- 2 Miér. O Santísimo Nome de Xesús.- ss. Macario, Isidoro Narciso e o Beato Pedro abade (G).
- 3 Xov. ss. Xenoveva e Daniel.
- 4 Vier. ss. Aquilino, Tito e Benedicta.

 *Medra a lúa as 4'42 da mañán*
O aninovo ven enxoital-as bagullas que se deitaron na morte do vello. Un ventíño nordesío, maino, quererá limpar o ceo.

- 5 Sáb. ss. Anastasio e Teodoro bispo (G), Telesforo, Eduardo, Apolinar i-Emiliana.
- 6 Dom. † *Epifanía.*-A Adoración dos Santos Reis Melchor, Gaspar e Baltasar e San Mellano.-I. P.
- 7 Lun. ss. Xulián, patrón do Ferrol e Fiz.
- 8 Mar. ss. Maximino, Luciano e Gódulo.
- 9 Miér. ss. Marcelino, Xullán, Vidal e Marciana.
- 10 Xov. ss. Gonzalo de Amarante, Agatón e Xoán.
- 11 Vier. ss. Teodosio, Hixinio, Salvio e Anastasio.
- 12 Sáb. ss. Arcadio, Victoriano, Benito e Modesto.

 *Chea as 4'55 da mañán*
«Xaneiro, craro e xiadeiro» din os vellos. Agora sí que imos poder ver a formíga no carreiro.

- 13 Dom. ss. Leoncio, Gumersindo e Verónica.
- 14 Lun. ss. Hilario y-o beato Bernardo de Corleón.
- 15 Mar. ss. Pablo, Mauro e Benito.
- 16 Miér. ss. Fulxencio, Marcelo, Ticiano e Honarato.
- 17 Xov. ss. Antonio Abade, Rosalina e Leonila.
- 18 Vier. A Cátedra de San Pedro en Roma e Santa Margarida.
- 19 Sáb. ss. Mario, Sara, Marta e Canuto.
- 20 Dom. ss. Fabián, Sebastián e Felisa.

 *Mingoa as 6 horas 9 minutos da mañán*
Contade ben os días de chuvia de xaneiro; non

- 6 Use Polvos «Pinós» pros pitos

han pasar da ducia por xunto. Ende ben, pouca auga en xaneiro, boa anada no celeiro.

21 Lun. ss. Inés, Froitoso i-Epifanio.

O Sol entra en Acuario

22 Mar. ss. Vicente, Anastasio, Luftolde e Gaudencio.

23 Miér. ss. Adefonso e Raimundo de Peñafort.

24 Xov. Ntra. Sra. da Paz e ss. Timoteo e Feliciano.

25 Vier. ss. Ansurio, Bimarasio, Gonzalo, Osorio, Froalengo, Serdendo, Viliulfo, Payo, Alfonso e Pedro bispos (G), a Conversión de San Pedro e Santa Eivira.

26 Sáb. ss. Froila (G), Policarpo, Teógenes e Paula.

Lúa Nova as 10'26 da noite

● A xente pídelle neve a lúa nova (ano de nevadas ano de fornadas). Somella que non quer cumprirse aquilo de «Día de Santa Inés, chuvia unha soia ves».

27 Dom. ss. Olalla, Anxela e Xohán Crisóstomo.

28 Lun. ss. Cirilo, Tirso e Inés.

29 Mar. ss. Francisco de Sales, Valero e Ruzafa.

30 Miér. ss. Martiña, Hipólito e Fiz.

31 Xov. ss. Xohán Bosco, Xulio e Marcela.

NOTA.—I. P., Indulxencia Plenaria nas Estacións de Roma.—I. B., Indulxencia parcial.—(G) Santoral Galego.

Según Degredo da Congregación do Concilio os señores Bispos poden deixar os aúnos e abstinencias deste xeito, pros que teñan a Santa Bula da Cruzada:

AUNO. Somentes o Miércoles de Cinza.

AUNO CON ABSTINENCIA. Viernes Santo e as Vixilias da Asunción de Nosa Señora (14 de agosto) e de Nadal (día 20, sábado de Témporas).

ABSTINENCIA DE CARNE, todol-os viernes de Coresma.

VERBOS DE XANEIRO

Auga de xaneiro, cada pinga un centeeiro.

Galo de xaneiro val un carneiro.


Galíña en xaneiro pon no colmeiro.

Use Polvos «Pinós» pras pitas


FEBREIRO 29 DIAS

ADICADO A CANDELARIA

- 1 Vier. ss. Inacio, Severo, Pablo e Bríxida.
- 2 Sáb. A Candelaria e Santa Feliciana.


 *Medra a lúa as oito pasadas da serán*
Medra a lúa e medra o ventiño de abaixo; quén-
tase e móllase o tempo e ponse a secar ó sol. «In-
verno, nin dentro nin fora».

- 3 Dom. ss. Bras, Fiz e o Beato Nicolás.
- 4 Lun. ss. Andrés, Leonisa e Xilberto.
- 5 Mar. ss. Francisco Blanco mártir (G), Agueda,
Calamanda e Albino.
- 6 Miér. ss. Tito, Teófilo, Saturnino e Dorotea.
- 7 Xov. ss. Romualdo, Ricardo e Xuliana.
- 8 Vier. ss. Xohán de Mata, Ciriaco, Paulo e Dio-
nisio.
- 9 Sáb. ss. Cirilo, Donato e Apolonia.
- 10 Dom. de *Septuaxésima*.—ss. Escolástica, Sote-
ra e Xacinto.—*Anima*.—I. B.
- 11 Lun. Nosa Señora de Lourdes e ss. Saturnino, Lá-
zaro e Desiderio.

 *Chea as 12 e 28 da noite*
Anque a lúa enche o día en que o sol devece, xa
temos eiqul a raxeiriña de febreiro. Ollo cos anda-
cios nos días de sol comellón.

- 12 Mar. ss. Euxenio, Damián e Olalla, Os sete san-
tos fundadores dos Servitas.
- 13 Miér. ss. Estebo abade (G), Benigno, Marcelo,
Luciana, Catalina e Gregorio papa.
- 14 Xov. ss. Valentín e o beato Xohán Bautista.
- 15 Vier. ss. Faustino, Severo, Casto, Lucio e Deco-
roso.
- 16 Sáb. ss. Elías, Isaías, Xeremías, Xulián e Faus-
tino.
- 17 Dom. de *Sexaxésima*.—ss. Xulián de Capado-
cia e Alexo.—I. B.
- 18 Lun. ss. Teotonio (G), Simón, Clodio, Eladio e
Santa María Bernarda.

8 Use polvos «Pinós» pras galiñas

 *Mingoante as nove pasadas da noite*
Os vellos que dixeron e desdixeron si plorou ou non a Candelaria, din que as augas de febreiro enchen o granelo. Mirade si verdexan ou non os outeiros.

19 Mar. ss. Gabino, Alvaro e Conrado.

20 Miér. ss. León, Eleuterio e Nemesio.

O Sol entra entra en Piscis

21 Xov. ss. Máximo, Fiz e Ovidio.

22 Vier. A Cátedra de San Pedro en Antioquía e ss. Pascasio e Trega.

23 Sáb. ss. Ordoño bispo (G), Marta, Margarida, Florencio e Pedro Damián.

24 Dom. *de Quincuaxésima (Antroido)*.—ss. Matías. Modesto, Serxio e Primitiva.—I. P.

25 Lun. *de Antroido*.—ss. Valerio monxe (G), Cesáreo e Donato.



Lúa nova as 9'16 da mañán

Oullo ca lúa do trinque que chega co ecrise do sol; quererá vir con treboadas e ventanías pra o seu mes.

26 Mar. *de Antroido*.—ss. Leixandre, Fortunato e Víctor.—I. B.

27 Miér. *de Cinza*.—ss. Baldomero e Leandro.—*Péchanse as velacións*.—Aúno.—I. B.

28 Xov. ss. Basilio, Procopio e Rufino.—I. B.

29 Vier. ss. Cayo, Xusto e Ludolfo.—*Abst.*—I. B.

NO REGO DO PRADO...

No rego do prado
canta a cotovia
—paxariño amado
que che ben quería—

No verde loureiro
trova o reiseñor
—paxaro líxero
para o teu amor.

No ramo froldo
o merlo a cantar
—paxaro belido
para o teu ollar—

(A cantar, espantan
os males da pena,
porque todos cantan
para a miña nena).

XOSÉ M.^a ALVAREZ BLÁZQUEZ

Use Polvos «Pinós» pros coellos 9

MARZAL 31 DIAS

ADICADO A SAN XOSÉ

- 1 Sáb. ss. Rosendo bispo (G), Manilán abade (G) e o Santo Anxel da Garda.-I. B.
- 2 Dom. *I de Coresma*.-ss. Simplicio, Pablo, Lucio e Pedro de Zúñiga.-I. B.
- 3 Lun. ss. Emeterio, Celedonio e Ticiano.-I. B.

D *Medra a lúa a 1'43 da tarde*
Marzo íguarzo quer achegarse marceando. Si quer sacar os vellos ó sol é pra desfacerse deles.

- 4 Mar. ss. Casimiro, Cayo e Lucio.-*Anima*.-I. B.
- 5 Miér. ss. Eusebio, Adrián, Teófilo e Nosa Señora de Africa.-*Témpora*.-I. B.
- 6 Xov. ss. Victoriano, Víctor, Cirilo e Perpetua.-I. B.
- 7 Vier. ss. Tomás de Aquino (*Festa dos estudantes*) e Felicitas.-*Témpora*.-*Abstinencia*.-I. B.
- 8 Sáb. ss. Xohán de Dios e Fiz.-*Témpora*.-*Año*.-I. B.
- 9 Dom. *II de Coresma*.-ss. Francisca e Catalina.-I. B.
- 10 Lun. ss. Leixandre, Melitón e Os Corenta Mártires.-I. B.
- 11 Mar. ss. Euloxio Magno, Constantino e Fermín.-I. B.

☺ *Chea as 6'14 da tarde*
Amalnan as chuvias e as neves. Días falseiros. Ameazas de xiadas contra a primaveira que xa quer abril-a porta.

- 12 Miér. ss. Gregorio, Maxmilián e Nosa Señora da Misericordia.-I. B.
- 13 Xov. ss. Leandro, Cristina e Eufrasia.-I. B.
- 14 Vier. ss. Florentina e Matilde.-*Abstinencia*.-I. B.
- 15 Sáb. ss. Anxo Tutelar de Galicia, Lonxines, Raimundo e Melitón.-*Anima*.-I. B.
- 16 Dom. *III de Coresma*.-ss. Xullán, Cirilaco e Agapito.-*Anima*.-I. B.
- 17 Lun. ss. Xosé de Arimatea e Patricio.-I. B.
- 18 Mar. ss. Cirilo, Gabriel e Braulio.-I. B.

10 Use Polvos «Pinós» pros bacoriños

19 Miér. † San Xosé esposo da Santísima Virxen.-I. B.



Mingua as 2'40 da noite

¿Teremos agora unha treboada con corisco? Neve na montana e chuvia quente na boca-ribeira e na mariña.

20 Xov. ss. Martiño de Dumio bispo (G), Eufemia e Ambrosio.-I. B.

O Sol entra en Aries

PRIMAVERA

21 Vier. ss. Benito [abade e Filemón. - *Abstinencia*.-I. B.

22 Sáb. ss. Deogracias, Pablo e Basilio.-*Aúno*.-I. B.

23 Dom. *IV de Coresma*.—ss. Victoriano, Fidel e Toriblo.-*Anima*.-I. B.

24 Lun. O Arcanxo San Gabriel e ss. Simón e Agapito.-I. B.

25 Mar. A Anunciación de Nosa Señora i-Encarnación do Señor, ss. Dimas e Quirino.-I. B.



Nova as 8'12 da serán

Revírase o tempo. Escoltade ben os paxaros: si en marzo non canta o cuco nin abril a bubela e a rullña non rulea, mala colleita se espera.

26 Miér. Bto. Diego Xosé de Cádiz (G), ss. Braulio e Teodosio.-I. B.

27 Xov. ss. Xohán Damasceno, Ruperto, Lidia e Alexandro.-I. B.

28 Vier. ss. Xohán de Capistrano, Cástor, Doroteo e Sixto.-*Abstinencia*.-I. B.

29 Sáb. ss. Pastor, Xonás i-Eustasio. *Aúno*.-I. B.

30 Dom. *de Pasión ou de Lázaro*.—ss. Pedro Regalado, Xohán Clímaco, Víctor e Régulo.-I. B.

31 Lun. ss. Amadeo, Amós e Benxamín.-I. B.

ADIVIÑA

Unha nai con sete fillos
a mais vella ten menos días.

(A Coresma: a nai é a Pascua)

Use Polvos «Pinós» pras vacas


ABRIL 30 DIAS

ADICADO AS DOORES DA VIRXE

- 1 Mar. ss. Venancio, Macario e Teodora.-*Festa nacional*.-I. B.
- 2 Miér. ss. Francisco de Paula, Urbano e Abundio.-I. B.

Dos días de friaxe foron poucos e non deixaron de faguer mal. Olo cas xiadas que magoan as anadas.

- 3 Xov. ss. Engracia virxe mártir (G), Ricardo, Benigno e Ulpiano.-I. B.
- 4 Vier. *das Doores*.-ss. Isidoro, Benito, Víctor e Zósimo.-*Anima*.-*Abstinencia*.-I. B.
- 5 Sáb. ss. Bto. Xohán de Viveiro (G), Vicente Ferrer, Emilia e Irene.-*Año*.-I. B.
- 6 Dom. *de Ramos*.-ss. Celso, Celestino e Marcelino.-I. B.
- 7 Lun. ss. Epifanio, Ciriaco e Donato.-I. B.
- 8 Mar. ss. Alberto, Perpétuo, Máxima e Xenaro.-I. B.
- 9 Miér. ss. María Cleofé, Casilda e Prócoro.-I. B.
- 10 Xov. *Santo*.-ss. Urbano abade (G), Ezequiel e Daniel.-I. B.

 *Chea as 8'53 da mañán*
Quen coide que estes días son de vran que lembre que o cuco escomenzou a cantar fai pouco. Onde duren as xiadas, auga abondo.

- 11 Vier. *Santo*.-ss. León, Antipas e Isaac.-*Abstinencia*.-I. B.
- 12 Sab. *Santo ou de Grogia*. ss. Víctor mártir (G), Constantino e Zenón.-I. B.
- 13 Dom. *de Pascua de Resurrección*.-ss. Hermenxildo, Xustino e Máximo.-*Abrense as velacións*.-I. B.
- 14 Lun. ss. Fr. Pedro González Telmo, abogado dos mariñeiros (G), Tiburcio e Valeriano.-I. B.
- 15 Mar. ss. Anastasia, Basilisa, Victorina e Elena.-I. B.

- 12 Use Polvos «Pinós» pros porcos

- 16 Míer. ss. Toribio bispo de Astorga, Froitoso de Braga bispo e fundador (G), Engracia, Cayo e Benito Labre.-*Anima*.-I. B.
 17 Xov. ss. Aniceto, María Ana e Elena.

C *Míngua a lúa as 9'7 da mañán*

A chuvía chegou tarde ás Pascuas, molladas e sobradas. Os ventos, mareiros e de abaixo que puxan forte.

- 18 Vier. ss. Eleuterio Andrés e Toribio.-I. F.
 19 Sáb. ss. Vicente, León, Hermóxenes e Crescencio.-*Festa nacional*.-I. B.
 20 Dom. *in Albis (As Pascuillas)*.-ss. Beato Alfonso de Ourense (G), Inés de Monte Pulciano, Marcelino e Víctor.-I. B.

O Sol entra en Tauro

- 21 Lun. ss. Anselmo, Apolonia e Alexandra.
 22 Mar. ss. Xerónima virxe (G), Sotero, Cayo e Angustias.
 23 Míer. ss. Xerardo, Xurxo, Adalberto e Clemente.
 24 Xov. ss. Fidel, Gregorio, Leoncio e Honorio.

L *Lúa nova as 7'27 da mañán*

Somella que quer voltar as brétemas; ogallá venñan mañanceiras, que as noitébregas farán o seu.

- 25 Vier. ss. Marcos, Aniano e Estebo.-*Rogacións maiores*.-I. B.
 26 Sáb. ss. Pedro de Rates, Miguel González (G), Cleto, Marcelino e Nosa Señora da Saleta.
 27 Dom. Nosa Señora a Divina Pastora, ss. Anastasio, Toribio de Mogrovejo e Pedro Canisio.
 28 Lun. ss. Estebo, Prudencio, Patricio, Vidal e Pablo de Cruz.
 29 Mar. ss. Pedro de Verono, Roberto e Hugo.
 30 Míer. Solemnidade de S. Xosé, ss. Amador, Sofía, Lourenzo e Catalina de Siena.

REFRANS

Cada terra, seu uso; cada roca, seu fuso.
 Calor de brasa, logo pasa.


Use Polvos «Pinós» pros cabalos 13

MAYO 31 DIAS

MES DAS FRORES

1 Xov. Nosa Señora da Pastorixa e de Araceli, ss. Felipe, Santiago, Sexismundo e Orencio.

2 Vier. ss. Atanasio e Fiz.-Festa nacional.

 *Medra a lua pertiño das catro da mañán*
Inda que a y auga de abril molle os mayos, o tempo vai pra morno e xeitosiño.

3 Sáb. A Invención da Santa Cruz e S. Alexandro.

4 Dom. ss. Paulino, Ciriaco, Mónica e Antonina.


5 Lun. ss. Pío, Máximo, Euloxio e Agustíño.

6 Mart. ss. Xohán Ante Portam Latinam, patrón dos impresores, e Teodoro.

7 Miér. ss. Augusto, Agustíño, Domítilla, Estanislao e Benedicto.

8 Xov. Nosa Señora dos Desamparados e a Aparición de San Miguel e San Eladio.

9 Vier. ss. Gregorio Nacianceno e Lucas.

 *Chea as 8'16 do serán*
Días temperados, como de vrau, poucos ou moitos, criadores a feito. Anque é ben certo que a ovella do probe no mayo morre.

10 Sáb. ss. Antoniño e o beato Xob.

11 Dom. ss. Domingo eremita (G), Florencio e Anastasio.


12 Lun. ss. Domíngó da Calzada, Nero i-Epifanio.

13 Mar. Nosa Señora dos Mártires e ss. Pedro Regalado e Roberto Belarmino.

14 Miér. ss. Bonifacio, Pascoal, Xusta e Xustina.

15 Xov. ss. Isidro labrador, Torcuato, Simplicio e Xohán B. de la Salle.

16 Vier. ss. Xohán Nepomuceno, Ubaldo e Honorato.

 *Mingoa as 2'39 da tarde*
Auga en mayo, pan de todo o ano. O conto é que non chove a xeito pra todos e que as treboadas non deixan de esborrallar.

17 Use Polvos «Pinós» pros pitos

- 17 Sáb. ss. Pascoal Bailón e Bruno.
 18 Dom. ss. Fiz de Cantalicio, Xuliña e Dióscoro.
 19 Lun. ss. Pedro, Celestino, Ciriaca e Prudencia.-
Rogacións menores.-I. B.
 20 Mar. ss. Bernardino de Sena e Anastasio.-*Roga-
 cións menores*.-I. B.
 21 Miér. ss. María Auxilladora dos Cristianos, Vic-
 torio e Secundino.-*Rogacións menores*.-I. B.

☉ *O Sol entra en Géminis*^{xx}

- 22 Xov. ☿ A Ascensión do Señor. ss. Rita de Ca-
 sia, Elena e Rufino
 23 Vier. A Aparición de Santiago Apóstol, ss. Desi-
 derio, Basilio e Miguel,



Nova as 7'28 do serán

A lua sei que viña patexando na lama. Onde non
 caíron chaparradiñas caírán chaparróns, si o Nor-
 dés non puxa na porfía.

- 24 Sáb. ss. Torcuato (G), Susana, Robustiana e Xo-
 hán Prado.
 25 Dom. ss. Xenadio bispo (G), Gregorio, Luciano
 e Dionísio.
 26 Lun. ss. Felipe Neri e Zacarías.
 27 Mar. ss. Beda, Xohán, Restituta e Xulio.
 28 Miér. ss. Viliulfo bispo de Tuy (G), Xusto, Eladio,
 Luciano, Xermán i-Emilio.
 29 Xov. ss. Teodosia, Maximino e Madanela de Pacis
 30 Vier. ss. Fernando Rey de España, Donadeo, Má-
 ximo e Monelo monxes do Bierzo, Sta. Egeria
 (G), Basilio e Fiz.
 31 Sáb. ss. María Mediadora de Todas as Gracias,
 Petronila, Crescencio e Pascasio.-*Abstinen-
 cia*.-I. B.



Medra as 9'46 da noite]

Medra a lua e medra a humedá. Mañáns frías.
 Onde tivemos un mayo pardo agardaremos un San
 Xohán craro.

Use Polvos «Pinós» pras galiñas 15

XUNIO 30 DIAS

MES DE SAN XOHÁN

- 1 Dom. *Pascoa de Pentecostés ou do Espírito Santo.*—Beato Pedro Vázquez e Antonio de San Boaventura mártires (G), Nosa Señora da Luz e ss. Iñigo e Fortunato.-I. B.
- 2 Lun. ss. Marcelino, Pedro e Erasmo. I. B.
- 3 Mar. ss. Paula, Clotilde, Isaac e Ovidio.-I. B.
- 4 Miér. ss. Francisco Caracciolo, Saturnina e Quirico.-*Témpora.*-I. B.
- 5 Xov. ss. Bonifacio, Doroteo, Apolonio e Sancho. *Anima.*-I. B.
- 6 Vier. ss. Gonzalo de Acebeiro abade (G), Norberto, Felipe, Amancio e, Paulina.-*Témpora.*-I. B.
- 7 Sáb. O Trunfo de San Pedro e S. Roberto.-*Témpora.*-*Anima.*-I. B.
- 8 Dom. A *Santisima Trindade.*— ss. Nedardo, Salustiano e Maximiano.



Chea as 5'7 da mañán

Quen diga que temos xa, de seu, o tempo quente e seco, é que non sabe o que é o mes de San Xohán. Entramentras imos aproveitalo.

- 9 Lun. ss. Primo, Feliciano, Ricardo e Pelaxio.
- 10 Mar. ss. Restituto, Ciriaca e Margarida,
- 11 Miér. ss. Bernabé, Fiz, Fortunato e Delaíra.
- 12 Xov. † *Santissimum Corpus Christi.*— ss. Xohán de Sahagún, Nazario e Onofre.
- 13 Vier. ss. Antonio de Padua e Luciano.
- 14 Sáb. ss. Basilio Magno, Marciano e Rufino.




Mingoa as 8'28 do serán

Ben falou quen dixo o do sayo e o corenta de mayo. Os que afogaban denantes agora esterrecen. Non gardedes o paraguas nin o carapucho.

- 15 Dom. *Infraoctava de Corpus.*— *Ofrenda do Reino de Galicia ao Smo. Sacramento en Lugo.* ss. Vitón, Modesto, Crescencia e Benilde.
- 16 Lun. ss. Benón, Francisco de Regís e Quirico.
- 16 Merque Polvos «Pinós» pros coellos


CON POLVOS PINÓS



ÉXITO
ANIMALES GORDOS
Y NEGOCIO REDONDO



LOS POLVOS PINÓS LI



Los **POLVOS**
dan resultado
en toda clase

ES SEGURO

DE VENTA EN DROGU

-Desde que probé los polvos «PINÓS»
en mis cerdos, no los he dejado ya más.
Tú quédate cruzado de brazos.

CON POLVOS PINÓS



HABRÍAN SALVADO

VOS PINÓS

los admirables
se de animales

URÍSIMO

GUERÍAS Y SIMILARES



SIN POLVOS PINÓS

SIN POLVOS PINÓS



SOLEDAD
ANIMALES FLACOS
Y NEGOCIO MAS FLACO TODAVIA

- 17 Mar. ss. Manoel, Ismael e Pablo.
 18 Miér. ss. Eirén, Marco, Marcelina e Paula.
 19 Xov. ss. Gervasio, Protasio, Bonifacio, Ursicino e Xuliana.
 20 Vier. *O Sagrado Corazón de Xesús.*—ss. Silverio, Florentino e Macario.
 21 Sáb. ss. Luis Gonzaga, Raimundo e Demetria.

O Sol entra en Cáncer

- 22 Dom. ss. Paulino, Albano, Flavio e Niceas.

Nova as 8'45 da mañán

Imos do calor a y-auga, e da y-auga o vento, que anda armando treboadas. ¡Tronos ao mar, que alí tedes onde afogar!

- 23 Lun. ss. Zenón, Fiz e Agripina.
 24 Mar. A Natividade de San Xohán Bautista e Santos Xohán Tersón (G) e Fausto.
 25 Miér. ss. Orosia, Guillermo, Próspero e Lucía.
 26 Xov. ss. Payo de Tuy mártir (G), Hermoxio bispo (G), Xohán, Pablo e Virxinio.
 27 Vier. Nosa Señora do Perpetuo Socorro e S. Zoilo
 28 Sáb. ss. León, Arximir, Paulo, Benigno e Irene.
 29 Dom. † *San Pedro e San Pablo.*—ss. Marcelo e Sirio.
 30 Lun. A Conmemoración de Santiago Apóstol e Santa Emília.

Medra a 1'11 da tarde

Ca lua medrada, días quentes, enxóitos e noites craras. Unha reviravolta do vento con trebóns trai un tempero fresquiño.

CANTIGAS

Deixa ese mozo, meniña,
 líbrate d' él e asosega,
 que o que naceu para ichavo
 a ser carto nunca chega.

Por ben e ben que te alccontres,
 non deixes de traballar.
 Traballo non avergonza;
 riqueza pode faltar.

MARCIAL VALLADARES

Merque Polvos «Pinós» pras aves 17

XULIO 31 DIAS

MES DE SANT-IAGO

- 1 Mar. San Faxildo abade de Antealtares (G), O Precioso Sangue de Noso Señor Xesucristo, e ss. Casto, Martín, Leonor e Galo.
- 2 Miér. A Visitación de Nosa Señora e S. Longinos.
- 3 Xov. ss. Trifón, Xacinto, Heliodoro i-Euloxio.
- 4 Vier. ss. Laureano, Flavio e Teodoro.
- 5 Sáb. ss. Antonio María Zacarías, Miguel dos Santos, Zoa e Filomena.
- 6 Dom. ss. Dominica, Isafas, Lucía e Rómulo.
- 7 Lun. ss. Cirilo, Metodia, Claudio, Fermín e Lourenzo de Brindís.



Chea as 12'33 da mañán

Días de abafar. Anque vexades sequía non chamedes auga de mais: ano en que moito chove o labrador traballa mais que come. Hay que se consolar.

- 8 Mar. ss. Isabel, Agapito e Procopio.
- 9 Miér. ss. Cirilo, Alexandro, Anatolia e Zenón.
- 10 Xov. Beato Xohán Xacobo Fernandes mártir (G), ss. Xenaro e irmans mártires, Cristobo, Amalia, Segunda e Rufina.
- 11 Vier. ss. Dictino bispo (G). Pío I, Abundio e Sabino.
- 12 Sáb. ss. Xohán Gualberto, Fiz e Marciana.
- 13 Dom. ss. Anacleto, Uxío, Xoel i-Esdras.
- 14 Lun. ss. Estebo abade (G), Boaventura, Xenaro, Xusto e Marcelino.




Míngoas as 3'42 da mañán

Reviravolta do vento. Inda que «por moito que queira ser, pouco ha de chover». Pra o día de Santa Mariña teremos que deixar o sacho e coller o fouciño.

- 15 Mar. ss. Enrique, Camilo e Antíoco.
- 16 Miér. Nosa Señora do Carmo e San Fausto.
- 17 Xov. ss. Alexo, Marcelino, León e Xenerosa.
- 18 Vier. ss. Camilo, Mariña de Augasantas virxe e mártir (G), Sínforosa, Emiliano e Federico. —
Festa nacional.

- 18 Use Polvos «Pinós» pros bacoriños

- 19 Sáb. ss. Vicente de Paúl, Arsenia e Xusta.
 20 Dom. ss. Elías, Librada, Xerome, Emiliano e Severa.
 21 Lun. O Trunfo da Santa Cruz e ss. Práxedes, Feliciano e Xulla.


 *Nova ás once e media da noite*
 A nova non deixa de mollsr co cobo y-o canado as festas mellores; endebén as chuvias non chegan a todos.

- 22 Mar. ss. María Madanela, Teófilo e Cirilo.
 23 Miér. ss. Apolinar, Brixida, Bernardo e Liborio.

O Sol entra en Leo

CANÍCULA

- 24 Xov. ss. Cristina, Francisco Solano e Víctor.
 25 Vier. † O APOSTOL SANT-IAGO O MAIOR, PADROEIRO DA PATRIA. — ss. Cristóbal e Cucufate.
 26 Sáb. ss. Ana nai de Nosa Señora e Tudela.
 27 Dom. ss. Pantaleón, Xuliana e Semproniana.
 28 Lun. ss. Víctor, Nazario, Celso i Eladio.
 29 Mar. ss. Marta, Serafina, Beatriz, Fiz e Próspero.
 30 Miér. ss. Abdón, Senén, Teodomiro e Rufino.

Medra a 1'51 da noite
 Medra ca lua a quentura. Alá por Santa Marta terémol-a ben farta. Ben pra os probes si a rega non ben con treboadas.

- 31 Xov. ss. Iñacio de Loyola e Pablo.

ADIVIÑA

N' hay home na terra
 que faga o qu' eu fago
 nin que o teña todo
 tan ben preparado,
 dónollo a meu amo
 e marcha muy ledo
 pro se m' aborrezo
 vóame de medo.

(A abella)

Use Polvos «Pinós» pras vacas 19

AGOSTO 31 DIAS

MES DE SANTA MARIA

- 1 Vier. ss. Pedro Advíncula, Fiz e Nemesio.- *Xubileo da Porciúncula*.-I. B.
- 2 Sáb. ss. Alfonso María de Ligorio, Máximo e Nosa Señora dos Anxos.
- 3 Dom. A Invención de San Estebo e San Eufronio.
- 4 Lun. ss. Domingo de Guzmán, Perpetua i Eutelo.
- 5 Mar. Nosa Señora das Neves e San Emtgdio.



Chea as 7'40 da tarde

A lúa enche cando o sol anda de troula. Días quentes. Trabucouse quen dixo: «primeiro de agosto, primeiro de inverno»: mentras tempo non ven sazón non pasa.

- 6 Míer. A Transfiguración do Señor e ss. Xusto e Pastor.
- 7 Xov. ss. Mamede, Caetano, Alberto, Donato e Sicilia.
- 8 Vier. Beato Roxeiro de Meira (G), ss. Ciriaco, Emillano e Mariano.
- 9 Sáb. Beata Urraca Sarmento abadesa (G), santos Xohán B. Vianney Cura de Ars, Román, Marciano e Cleto.
- 10 Dom. ss. Lourenzo abogado contra os incendios e Paula.
- 11 Lun. ss. Tiburcio, Filomena e Susana.
- 12 Mar. Nosa Señora da Pelengrina Patrona de Pontevedra e ss. Eusebio, Hilaria e Felicísima.




Mingoa a 1'27 da tarde

Anque teremos unha vez mais que repetir aquilo do día da Pelengrina y-o inverno enriba, o vran é o vran e n' él andamos.

- 13 Míer. ss. Clara, Casiano, Hipólita, Aurora i-Elena.
- 14 Xov. ss. Nuño Alvarez coengo (G), Eusebio, Anastasia e Demetrío.- *Aíno con abstinencia*.
- 15 Vier. † A *Asunción, Nosa Señora de Todo o Mundo, Nosa Señora dos Ollos Grandes Patrona de Lugo*.-ss. Payo bispo (G) e Tarsicio.
- 20 Use Polvós «Pinós» pros porcos

- 16 Sáb. ss. Roque, Xacinto e Xaquín pai de Nosa Señora.
 17 Dom. ss. Godína abadesa i-Eufemia Virxe e mártir (G), Paulo, Xuliana, Librado e Anastasia.
 18 Lun. ss. Leonardo, Clara i-Elena.
 19 Mar. ss. Mariano, Luís, Maxín e Xohán Eudes.
 20 Miér. ss. Bernardo, Samuel e Severo.

Nova as 3'20 da tarde


 Nubrouse o tempo: val mais nubrado de agosto que sol de setembro.

- 21 Xov. ss. Fidel, Ciriaca e Xohana Francisca de Fremiot.
 22 Vier. *O Purísimo Corazón de María*.-ss. Fabriciano e Timoteo.
 23 Sáb. ss. Felípe, Benicio e Valeriano.

O Sol entra en Virgo

- 24 Dom. ss. Bartolomeu i-Aurea.
 25 Lun. ss. Luís Rey de Francia, Xenxo, María Micaela e Patricia.
 26 Mar. ss. Ceferino, Segundo e Vítores.
 27 Miér. ss. Victorio bispo e mártir (G), Rufo e Xosé de Calasanz.
 28 Xov. ss. Agustín, Bibiano, Payo e Moisés.

Medra as 12'3 do día

 En agosto anda a y-auga tras o toxo.

- 29 Vier. A Degollación de San Xohán Bautista.
 30 Sáb, ss. Ero de Armenteira abade (G), Rosa de Lima, Celedonio i-Emeterio.
 31 Dom, ss. Osorio Gutiérrez o Condé Santo de Lorenzana (G), Ramón Nonnato e Nosa Señora do Bó Viaxe.

ADIVIÑA

De muitos son despreziado
 dendes que dou a boa cousa
 y' antes estou tras do lume
 tapadiño c' unha lousa.

(O leite callado)


Use Polvos «Pinós pras³éguas 21

SETEMBRO 30 DIAS

ADICADO A SAN MIGUEL


- 1 Lun, ss. Xil de Cayaso abade (G) e Lupo.
- 2 Mar. ss. Antolín, Estebo e Máxima.
- 3 Miér. ss. Columbiano, Ladislao e Serapia.
- 4 Xov, ss. Adrián eremita (G), Nosa Señora da Consolación, Cándida e Rosa.

Chea as 3^h19 do día

 Os ventos do Sur queren amolincrar o bon tempo, mais pouco han poder. De súpeto enfriarán as noites.


- 5 Vier. ss. Lourenzo, Xustinián, Rómulo e Obdulia.
- 6 Sáb. ss. Eutelo, Uxío e Petronio.
- 7 Dom. ss. Vicente abade (G), Clodoaldo, Anastasio e Nosa Señora dos Reis.
- 8 Lun. A Natividade de Nosa Señora e ss. Adrián e Adela.
- 9 Mar. ss. María da Cabeza, Serxio e Gorgonio.
- 10 Miér. ss. Pedro de Mezonzo bispo autor da Salve (G), Nicolás de Tolentino e Pulqueria.
- 11 Xov. Nosa Sra. das Viñas e ss. Proto e Xacinto.

Míngoa as 2^h36 do día

 Algún trebón. Chuvia miuda, pouco dura. Os días arrenegan cas noites.

- 12 Vier. O Santísimo Nome de María e S. Leoncio.
- 13 Sáb. ss. Samuel bispo de Iria (G), Felipe, Euloxio e Maudillo.
- 14 Dom. A Exaltación da Santa Cruz e San Víctor.
Día da Escola Cristiana.
- 15 Lun. Os Doores Grorriosos de Nosa Señora e ss. Nicomedes, Valeriano e Porfirio.
- 16 Mar. ss. Cornelio, Cipriano i-Eufemia.
- 17 Miér. As Chagas de San Francisco e San Pedro Arbués.-*Témpora*.-I. B.
- 18 Xov. ss. Tomás de Villanueva, Xosé de Cupertino e Sofía.
- 19 Vier. A Aparición da Virxe da Saleta, ss. Xenaro
- 22 Use Polvos «Pinós» pras galiñas

bispo e compañeiros mártires e María de Cervellón.-*Témpora.-Abstinencia.-I. B.*

 *Nova as 7'22 da mañán*
Tampoco este ano ha pintar tan cedo o viño; agosto e vendima non son cada día.

20 Sáb. ss. Eustaquilo, Agapito e Cándida.-*Témpora.-I. B.*

21 Dom. ss. Mateo, Isacio e Pánfilo.

22 Lun. ss. Tomás de Villanueva, Mauricio, Lourenzo e Xonás.

23 Mar. ss. Lino, Fausto e Trega.


O Sol entra en Libra

OUTONO

24 Miér. Nosa Señora das Mercedes e ss. Xerardo e Dalmacio.

25 Xov. ss. Lope e Fermín.

26 Vier. ss. Amancio, Cipriano e Xustina.

 *Medra as 8'31 do serán*
O vento vai dispoñendo axiña a y-auga de San Miguel. Garda ben a palla e rixe o millo que inverno come e non cría.

27 Sáb. ss. Cosme, Damián, Adolfo e Florentino.

28 Dom. Os Santos Bispos de Iria (G) e ss. Wenceslao e Máximo.

29 Lun. San Miguel Arcanxo.

30 Mar. ss. Xerome, Gregorio e Sofia.

CANTIGAS

Sempre que vou para a feira
unha cousa se m' olvida;
perguntar á miña dona
se convidó a quen convida.

Non te mates por saber
o que nada ch' interesa;
mátate porqu' onde vivas,
haxa paz e pan na artesa.

MARCIAL VALLADARES


Use Polvos «Pinós» pros pitos 23

OUTONO 31 DIAS

ADICADO AO SANTO ANXO


- 1 Miér. ss. Xervasio (G), o Santo Anxo Custodio e San Remixio.-*Festa Nacional do Caudillo.*
- 2 Xov. Os Anxos da Garda e ss. Saturio i-Eutelo.
- 3 Vier. Beato Vela eremita (G), ss. Dionisio, Fausto, Cándido, Xerardo e Teresiña do Neno Xesús.

Chea as 12'15 do día

 Despois do tempo tan revoltó con que chegou o mes de outono, ca lúa enteira, días de vran axeito pra vendima.


- 4 Sáb. ss. Francisco de Asís, Cayo e Aurea.
- 5 Dom. ss. Froilán bispo Patrón de Lugo (G): Victorino e Plácido.
- 6 Lun. ss. Sabina, Primo, Feliciano e Bruno.
- 7 Mar. Nosa Sra. do Rosario e ss. Serxio e Marcos.
- 8 Miér. ss. Demetrio, Payo, Néstor e Brixida.
- 9 Xov. Nosa Señora da Cinta, ss. Dionisio Aeropagita e Xohán Leonardi.
- 10 Vier. ss. Francisco de Borja, Florencio e Paulino,

Mingoa as 7'33 do serán

 Din que imos tornar a ter o tempo revirado das ventanías con auga abondo. Mais, entramentras, aproveitémonos da melloría.

- 11 Sáb. A Maternidá de Nosa Señora e ss. Nicasio, Xermán e Fermín.
- 12 Dom. Nosa Señora do Pilar e do Remedio.-*Festa oficial da Raza (Commemoración do descubrimento de América).*
- 13 Lun. ss. Pedro bispo (G), Eduardo, Marcial e Venancio. A Aparición da Virxe de Fátima.
- 14 Mar. ss. Calixto, Evaristo e Bernardo.
- 15 Miér. ss. Teresa de Xesús, Bruno e Fortunato.
- 16 Xov. ss. Florentino, Ambrosio i-Eduviges.
- 17 Vier. ss. Mariano, Mamerta, Víctor e Margarida María de Alacoque.
- 18 Sáb. ss. Lucas, Xulián e Trifona.


24 Use Polvos «Pinós» pras pitas

 *Nova as 10'42 da noite*
Esta lúa é falsa e toleirona e vay dun vrançiño a
outro cunha invernia tesa antremedias.

- 19 Dom. ss. Pedro Alcántara e Rosina.
20 Lun. ss. Caprasio, Xohán Cancio e Irene.
21 Mar. ss. Hilarión. Asterio e Arturo.
22 Miér. ss. María Salomé e Córdula.
23 Xov. ss. Servando, Pedro Pascual, Xermán e o
Beato A. María Claret.

O Sol entra en Escorpio

- 24 Vier. ss. Rafael Arcanxo, Fortunato, Martiño e
Beata Paula de Frassinetti.
25 Sáb. ss. Frutos, Crisanto e Daría.
26 Dom. *Festividade de Cristo Rey.*-ss. Evaristo,
Luciano, Florencia e Marciano.

 *Medra as 4'4 da mañán*
Ca lúa medran as fontes e cas fontes os ríos. On-
de se libre o ceo hanse adiantar días de enchente; é
unha invernia solta que pouco dura.

- 27 Lun. ss. Vicente, Sabina, Cristeta e Catalina.
28 Mar. ss. Simón e Xudas Tadeo.
29 Miér. ss. Narciso, Xeroma i-Eusebia.- *Conmemo-
ración dos Caidos*
30 Xov. ss. Cenobia, Clodio, Amparo e Alonso Ro-
dríguez.
31 Vier. ss. Urbano, Quintín e Narciso.

LEVÁNTATE, NEBRA...

¡Levántate, nebra,
do bico da serral
Ahí ven San Martiño
no seu cabaliño,
que t' ha de levar,
que t' ha de pousar
na tona do mar.

Rec. A. Noriega Varela

REFRÁNS

Herdeiros novos, mal
pol-as silvas.

Home lampo e can ra-
belo, desconía deles co-
mo do demo.

Xente nova a leña ver-
de, todo é fume,

Use Polvos «Pinós» pros coellos 25

NOVEMBRO 30 DIAS

MES DE SANTOS E DE DIFUNTOS

- 1 Sáb. † *A Festa de Todol-os Santos*.-ss. Benigno, Cesáreo e María.-I. B.



Chea as 11'10 da noite

Ca lúa chea virá tempo de friaxe. Algunha xiada. Mais tamén ha crarexar o tempo, que o S. Martiño ven adiantado.

- 2 Dom. A Conmemoración dos Difuntos e S. Xusto
 3 Lun. Os Mártires de Zaragoza e ss. Valentín, Hilario, Malaquías e Teófilo.
 4 Mar. ss. Carlos Borromeo e Domingo.
 5 Miér. ss. Zacarías, Eusebio, Fiz e Isabel.
 6 Xov. ss. Leonardo e Severo.
 7 Vier. ss. Herculano, Amaranto, Ernesto e Florencio.
 8 Sáb. San Alvito bispo (G), o Patrocinio de Nosa Señora e ss. Severiano, Severo e Victorino.
 9 Dom. ss. Teodoro, Orestes e Agripina.



Mingoa as 3'43 da tarde

Anque ben cedo, o tempo craro durou pouco. Elquí o temos devecendo pra entrármonos nunha inverna longa.

- 10 Lun. Nosa Señora da Almudena e ss. Aniano, Demetrio e Andrés.
 11 Mar. ss. Martiño ob., Bartolomeu e Toribio.
 12 Miér. ss. Martiño p., Millán, Diego Xosé Beato de Cádiz (G).
 13 Xov. ss. Estanislao, Uxío III, Homobono. Rufo e Diego de Alcalá.
 14 Vier. ss. Trahamunda de Poyo abogosa dos emigrantes (G), Serapio, Lourenzo e Venerando.
 15 Sáb. ss. Alberto Magno, Uxío I, Leopoldo, Leoncio e Abdón.
 16 Dom. ss. Rufino, Marcos, Valero, Edmundo e Xertrudis.
 17 Lun. ss. Gregorio, Acisclo e Victorio.
 26 Use Polvos «Pinós» pros terneiros



Nova as 12'56 do día

Ven con nubelos e ventos que logo amainan.
Moita humedade.

18 Mar. ss. Teodoro, Román, Máximo e Odón.

19 Miér. ss. Isabel viuda, Ponciano e Crispín.

20 Xov. ss. Félix de Valois, Simplicio e Agapito.-

Día de José Antonio.

21 Vier. A Presentación de Nosa Señora, ss. Estebo,
Honorio e Rufo.

22 Sáb. Beato Xohán de Pontevedra (G), ss. Cecilia,
Columbano e Mario.

O Sol entra en Sagitario

23 Dom. ss. Clemente, Felicitas e Lucrecia.

24 Lun. ss. Gonzalo bispo de Mondoñedo (G), Xo-
hán da Cruz, Crisógono e Flora.



Medra as 11'34 da mañán

Xa teremos eiquí as primeiras neves se o vento
aquece. Chuvia arreo, que logo un nordés arripía.

25 Mar. ss. Catalina, Moisés e Gonzalo.

26 Miér. Os Santos Mártires de Córdoba, ss. Silves-
tre e Pedro.

27 Xov. A Medalla Milagrosa, ss. Virxilio, Facundo
e Primitivo.

28 Vier. ss. Gregorio III, Estebo e Valeriano.

29 Sáb. ss. Iluminada e Saturnino.

30 Dom. *I de Advento.* -ss. Andrés, Constanca e
Xustina.-*Péchanse as velacións.*-I. P.

.....

Lonxe, lonxe d' a terrña,
pouqueniño a pouqueniño
valme matando a morriña.

O alciprés do campo-santo
coas miñas bágoas eu rego...
¡e por eso medra tanto!

¡Voume para non volver!
¡Reza. miña nai, por mín:
marchar pra sempre, é morrer!

ENRIQUE LABARTA

Use Polvos «Pinós» pras vacas 27

DECEMBRO 31 DIAS

MES DE NADAL

1 Lun. ss. Eloy, Natalia e Cándida.



Chea as 12'41 do día

O mes de Nadal entra con días tesos e noites craras. Xiadiñas. Un vento nordés. Choviscas fora.

2 Mar. ss. Bibiana, Elisa e Aureliana.

3 Miér. ss. Francisco Xavier e Claudio.

4 Xov. ss. Pedro Crisólogo, Osmundo, Cleto e Bárbara.

5 Vier. ss. Sabas, Agripina e Dalmacio.

6 Sáb. ss. Fernando abade de Antealtares (G), Nicolás de Bari i-Emiliano.

7 Dom. *II de Advento.*-ss. Ambrosio, Pollicarpo e Urbán.-I. P.

8 Lun. † *A Purísima Concepción de Nosa Señora.*-ss. Macario i-Esther.

9 Mar. ss. Restituto, Cipriano e Locaya.



Míngoa a 1'22 da tarde

A Concepción tray a sua arribazón. Revolveráse o tempo. Santa Lucía ¿auga ou sardiña?

10 Miér. San Florencio abade (G), Nosa Señora de Loreto e ss. Eulalia i-Hermóxenes

11 Xov. ss. Dámaso papa (G), Sabino e Daniel.

12 Vier. Nosa Señora de Guadalupe e S. Constancio.

13 Sáb. ss. Lucía, Uxío e Orestes.

14 Dom. *III de Advento.*-ss. Nicasio, Xusto, Pompeyo i-Espiridión.-I. P.

15 Lun. ss. Eusebio, Valeriano, Máximo e Fortunato.

16 Mar. ss. Uxío, Valentín e Delaira.

17 Miér. ss. Francisco de Sena, Lázaro e Olímpia.-*Témpora.*-I. B.



Nova as 2'2 da mañán

Lúa con cerco e mollada de cheo. O sol pode cos ventos, mais non ca chuvia.

18 Xov. Nosa Señora da O antiga Patrona de Pontevedra.


23 Use Polvos «Pinós» pros porcos

- 19 Vier. ss. Nemesio e Timoteo.- *Témpora*.- I. B.
 20 Sáb. ss. Teófilo, Xulio e Domingo de Silos.- *Témpora*.- *Año con abstinencia*.- I. B.
 21 Dom. *IV de Advento*.-ss. Ildaura nai de San Rosendo e Adosinda abadesa (G), Tomás e Anastasio.- I. P.


[O Sol entra en Capricornio]

INVERNO

- 22 Lun. ss. Demétrio, Zenón i Elena.
 23 Mar. ss. Victoria, Nicolás, Sérvulo e Vintila.

 *Medra as 7'51 do serán*
 Ca lúa medran as augas. Andivemos ben molladiños a cantar o Nadal, anque non faltou o aguinaldo de unha raxeiriña.

- 24 Miér. *Noiteboa*.-ss. Gregorio, Eutimio e Luciano.
 25 † Xov. *A Natividade de Noso Señor Xesucristo*.
 Santa Anastasia.- I. B.
 26 Vier. ss. Estebo e Mariano.- *Abrense as velacións*.- I. B.
 27 Sáb. ss. Xohán Apóstol, Nicereta e Teodoro.- I. B.
 28 Dom. Os Santos Inocentes, Agape e Teófila de Cantorbery.- I. B.
 29 Lun. Beato Vidal abade (G), ss. David e Tomás.
 30 Mar. A Tralación de Sant-Iago e San Sabino.
 31 Miér. ss. Franquilla abade de Rivas do Sil (G), Silvestre, Columbio e Paulina.

 *Chea as 5'5 da mañán*
 O ano remata c' uns días de friaxe e solciño pra nos remediar d' él. ¡Bó aninovo!

VILLANCICO GALLEGO

- ¡Ou da casa, el hay licencia!
 - ¿Quién está ahí?
 - Señor, sepa sua mercé
 que lle somos uns gallegos
 aló da terra de Ourense
 que do cruto dese outeiro

Use Polvos «Pinós» pros cabalos 29

que está detrás deste alpendre,
sentimos que vostés dentro
facían gran foliada
porque dís que aquí naceu
Nosó Señor esta noite
e tamén vimos a velo.

Déixenos entrar si hay canto
pois traguemos un galteiro
que mais de vinte tocares
sabe entre novos e vellos.

—«Entrad, pues bien cabéis todos,
al Niño veréis, y luego
la antigua gaita gallega
tocará vuestro gaitero»,

A nosa gaita hoxe ha de soar
pois todos queremos oíla tocar;
o son que ela fai tamén cantaremos
e a noite con esto alegre teremos,
ao pe do Neno que baixou do Ceu
e aquí neste alpendre agora naceu.

Con ser Rey de todo o que o mundo ten
mais probe que él non vin a ninguén.

Non houbo unha cama en que o deitar
e así nun pesebre xiando a Díos dar,
sin saba nín manta, nas pallas está.
¡Ay meu amoríño que frío terá!

Mirade en que alpendre naceu este infante,
sin porta que poida choirse por diante.
O cume é de xunco e é tan mal feito
que se mete o aire por él afeito.
No valo que tén hai muitos buratos
e cobas no chan de toupos e ratos

Cantado en Mondoñedo, a mediados do século pasado,
con música do maestro Pacheco

FARRUQUÍÑO

Farruquiño, tiña un cabalo que facía un ano apa-
recera perdido pol-a aldea.

E como non lle aparecera dono, quedárase con él
Farruquiño.

30 Use Polvos «Pinós» pros pitos

Os afans de Farruquiño, en tod' ó ano, foran precurar-se un aparello, non podendo conseguilo porque, cartos non tiña Farruquiño.

Dera voltas e mais voltas a ver se as almas, que según él lle trouxeran o animal, lle traguían tamén o aparello, pero nin as almas, nin San Antonio, de quen tamén s' empeñara, quixeron dar gusto a Farruquiño.

Na feira das bestas, diante de un posto onde se vendían chalecos para idem, e outros aditamentos tamén para idem atopábase Farruquiño todo estantiguado, cando pasou por alí o mestre da escola da parroquia:

—¿Tí qué fas ahí, Farruquiño?

—Estou mirando pr' o que me fai falta.

—¿O aparello, quizáís?

—Sí señor; o aparello, que seica non-o teño na miña vida.

—¿E logo?

—É logo, que, antr' unhas cousas e outras, custa seis pesos, e non teño unha cadela.

—Pois non-o compras porque non queres.

—¿Porque non quero?

—¡Sí hom! ¿Cánto che dan pol-o cabalo?

—Sete pesos.

—Pois ahí tés, ho: Co ises cartos, compras o aparello, e inda che quedan cartos, pra xantar tí, e convidal-os amigos.

—¿Pero que non había de cair eu na conta? Sí eu sempre dñen que, quen sabe, sabe, e a isto non hai que darlle voltas.

Farruquiño, vendeu o cabalo por sete pesos; comprou por seis un aparello, novo de todo, e marchou con él o lombo pra casa, contento como unhas Pascuas.

M. GARCIA BARROS.

(Este conto tén os precios dos de antes).

Use Polvos «Pinós» pras galiñas 31

Incio.-O 22.

Láncara.-O 24; 16 Cedrón; 2 e 17 Puebla; 11 Río (Esfarrapa).

Lorenzana.-O 9, 19 e 28 e mercados os domingos.

Lugo.-O 4, 5 e 6 de Outono (anual); primeiro e penúltimo viernes, o 12 e mercados o martes e viernes; penúltimo día de cada mes Nadela.

Meira.-O segundo e coarto domingo.

Mondofiedo.-O 17, 18 e 19 de Outono (anual); primeiro e terceiro xoves de cada mes, e mercados os xoves e domingos. Quendas o 2 de Mayo (anual).

Monterroso.-O 1.º e o 15 e mercados os miércoles; 1.º de Novembro anual.

Monforte.-O 6 e 24, e mercado os miércoles; 5 Fiolleda.

Muras.-O primeiro sábado; primeiro e segundo domingo Viveiró; terceiro domingo Balsa.

Neira de Jusá.-1.º e 18 Baralla; 7 Sobrado.

Navia de Suarna.-Segundo domingo e derradeiro viernes; 23 de Febreiro e 29 de Setembro (anuales) Puebla; terceiro domingo Silvouta; cuarto domingo Paradela; primeiro domingo Rao.

Negueira.-O segundo domingo.

Os Nogales.-O segundo domingo, Doncos.

Orol.-O primeiro domingo, Miñotos.

Palas de Rey.-O 7 e o 19 e mercado os sábados.

Pantón.-O 1.º e o 15 Ferreira.

Páramo.-O 10.

Pastoriza.-Cada quince días en domingo alterno Bretoña; o segundo e coarto sábado Reigosa.

Pedrafita.-O 5 e o 21 e o 8 de Setembro (anual).

Pol.-O 1.º e o 15 RloXuán; 7 e 21 Mosteiro

Puebla do Brollón.- 11 e 25; 29 Xunio (anual); 2 Estación.

Portomarin.-Mercado os domingos.

Quiroga.-O 10 e 27.

Rábade.-O 2 e o 22 e mercado os xoves.

Ribadeo.- Todos os miércoles e o 7 de Setembro.

Riotorto.-Mercados os sábados; 14 e 26 de cada dos meses Moxueira.

32 Use Polvos «Pinós» pros coellos

Rivas do Sil.- O 16.

Samos.- O 15; 17 Ponte do Lózara; 4 Castroncán
Sarria.- O 6, 20 e 27; San Lázaro (anual) e merca-

dos os domingos.

Saviñao.- O 8 Escairón; 26 Currelos.

Sober.- O 8 e o 18.

Taboada.- O 20 e mercados os sábados.

Trabada.- O primeiro domingo; 25 de Abril Ca
deira (anual); 30 de Mayo. San Fernando (anual).

Trasparga.- O 28 e o domingo entre o 9 e 15 Par
ga; 23 Santa Cruz de Parga; 7 Villares; o último do
mingo Guitiriz e mercado os mércores

Triacastela.- O 12 e o 28.

Vale d' Ouro.- O mércores seguinte ao terceiro
domingo e mercado os sábados.

Villameá.- Cada quince días en domingo que non
coincida ca de Meira, e mercados todos os domingos.

Viveiro.- O primeiro e terceiro domingo e merca
dos os xoves, sábados e domingos; o segundo do
mingo Galdó; luns de Pascoa Cobas (anual).

Villalba.- O primeiro domingo e martes seguintes
ao terceiro, e mercado os martes e sábados; último
domingo Arbol e mercados os viernes

Xove.- Rigueira e Xove o coarto domingo.

Feiras anuais de Galicia

Xaneiro 7, Portes, 8, Navallos.-*Febreiro* 3, Por
tomarín.-*Marzo* Domingo de Lázaro, Sarria.-*Abril*
6, Noya; luns de Cuasimodo, Tuy; luns de Pascua,
Cobas en Viveiro.-*Mayo* Día da Ascensión, Santiago;
30, Balboa Ribadeo; Pascua de Pentecostés, Pa
drón; 1, Ourense; 29, Somiedo e Brollón en Quiro
ga.-*Xulio* 2 A Cruña; 25, Santiago.-*Agosto* Pol-a Pe
regrina, Pontevedra; 10, San Bartolomé en Penas
Agudas Viveiro.-*Setembro* 8, Fonsagrada tres días;
terceiro domingo, Becerreá; 8, Pedrañita do Cebre
ro; *Outubre* 5, Lugo tres días; 14, Villalba; 18, Mon
doñedo, tres días; 20, Lindín; terceiro domingo, Be
cerreá; último domingo Ponte Novo.- *Novembro* 1,
Monterroso e Pontevedra; 12, Becerreá.

Gas POLVOS PINÓS
damos mais leite e mellors

